

A casa do avó

Na casa do avó cheira sempre a verán.

Pecho os ollos e visualízome baixando do coche coma se acabara de ultrapasar un arco temporal e estivera, por fin, nun universo feito a medida para min. Naquel novo espazo tantas veces explorado puiden ser decoradora, gandeira, zapateira, veterinaria, mestra e mesmo nai de vellas bonecas da familia. Así e todo, o que máis me gustaba sempre era ser neta e coñecer o mundo desde aqueles ollos que me miraban coma se nunca viran a ninguén igual.

Co tempo, aprendín que a casa do avó non cheiraba a verán, senón á liberdade que viña con el. E é alí onde me volvo converter, tantos anos despois e por un intre, en todo o que imaxinaba daquela. Agora, que abro ben os ollos, descúbronos aos dous en cada recuncho: xogando ás cartas, facendo xoguetes con carozos e carolas ou entoando melodías que, cante quen cante, levarán para sempre a súa voz.